



CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

Nº 77

FEBREIRO - MARZO 2006

Editado 21/02/06

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 2006

CONVOCATORIA

Estimados asociados:

Seguindo as disposicións dos nosos Estatutos e en cumprimento do disposto nos seus artigos 20 e 21, convócase Asemblea Xeral Ordinaria, que se celebrará o día 10 de marzo de 2006, ás 20:00 horas en primeira convocatoria e 20:30 horas en segunda, no Local Social da nosa Entidade, sito na Avda. Camelias 78, oficina K, de Vigo. De acordo coa seguinte:

ORDE DO DÍA:

- 1º Saúdo do Presidente e presentación da actual Xunta Directiva de Club Montañeiros Celtas.
- 2º Aprobación, se procede, da acta da Asemblea Xeral Ordinaria celebrada o día 25 de febreiro do 2005.
- 3º Presentación, debate e aprobación, se procede, de:
 - 3.1. Memoria do ano 2005.
 - 3.2. Liquidación do orzamento, Balance e contas do exercicio 2005.
- 4º Proxectos da Xunta Directiva.
- 5º Aprobación, se procede, do Orzamento para o exercicio 2006.
- 6º Propostas da Xunta Directiva:
 - 6.1. Homenaxes a Socios.
 - 6.2. Nova concesión para o Refuxio Domaio.
 - 6.3. Convenio coa Asociación Micolóxica "A Zarrota".
 - 6.4. Regulamento de Réxime Electoral.
- 7º Rogos e preguntas.

Esta convocatoria foi aprobada pola Xunta Directiva, na súa reunión do 20 de febreiro de 2006.

Contando coa vosa importante asistencia e participación nesta Asemblea, recibide un cordial saúdo.

O Presidente

Notas:

* A acta da Asemblea Xeral Ordinaria de 25 de febreiro de 2005 non será lida na Asemblea.

** Dende o día 1 de marzo de 2006 encontrarase dispoñible para a súa lectura, na oficina do Club, a seguinte documentación: A acta da Asemblea Xeral Ordinaria de 25 de febreiro de 2005, o Regulamento de Réxime Electoral proposto, o Convenio con A Zarrota, o balance do ano 2005 e o Censo de socios con dereito a voto nesta Asemblea.

*** Non se presentaron Propostas de socios, polo que este punto non se inclúe na Orde do Día.

Neste número:

<i>Asemblea Xeral Ordinaria</i>	<i>1</i>
<i>Axenda</i>	<i>2</i>
<i>Información Xeral do Club</i>	<i>2</i>
<i>Actividades Sociais</i>	<i>3</i>
<i>Cultura e Medio Ambiente</i>	<i>3</i>
<i>Infantil</i>	<i>4</i>
<i>Esquí</i>	<i>5</i>
<i>Escalada</i>	<i>7</i>
<i>Sendeirismo</i>	<i>8</i>
<i>Montañismo</i>	<i>9</i>
<i>EspeleoSección</i>	<i>10</i>
<i>Actividades Subacuáticas</i>	<i>11</i>
<i>Biblioteca</i>	<i>11</i>
<i>Vindeiras</i>	
<i>Actividades</i>	<i>12</i>

Venres, 10 marzo “**Asemblea Xeral Ordinaria**”. No Club ás 20.00 horas en primeira convocatoria e 20.30 horas en segunda.

Venres, 17 marzo “**Identificación da Flora Galega**”, polo biólogo Suso Barciela. Charla e proxección. No Club ás 20.30 h.

INFORMACIÓN XERAL DO CLUB

Base de Datos

O Club xa conta cunha nova Base de Datos dos socios na que se están a facer os últimos axustes. En canto estea operativa, unha das actuacións é facer os Novos Carnés de Socio, polo que os que inda non entregaron unha foto carné actual (de fai menos de dous anos) que o fagan o antes posíbel (tamén pode enviarse por email ao Club).

Lembrede a importancia de que o Club manteña actualizados os datos dos asociados, polo que de producirse cambios nos datos persoais de cada socio (endereço, teléfono, nº conta bancaria, etc.) comunicádeos o antes posíbel.

En cumprimento do establecido na Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal, CLUB MONTAÑEIROS CELTAS, informa a os seus socios de que cantos datos persoais teñan facilitado e faciliten serán incluídos nun ficheiro automatizado, creado e mantido baixo a responsabilidade de CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

A finalidade de dito ficheiro é poder enviar o Boletín do Club así como outras publicacións e informacións que podan resultar de interese aos nosos socios, ademais de facilitar a tramitación das licencias federativas para aqueles socios que así o soliciten, para elo, o socio permite ao CLUB que ceda os datos relativos á súa persoa necesarios para dita tramitación, estes datos serán incluídos á súa vez nuns ficheiros automatizados cuxa titularidade corresponde á FEDERACIÓN na que se tramita a Licencia, coa finalidade de federarse e de recibir información xeral sobre os servizos, promocións e actividades relacionadas coa mesma.

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS garante a seguridade e confidencialidade dos datos. Deste modo, comprométese ao cumprimento da súa obriga de segredo dos datos de carácter persoal e do seu deber de gardalos e adoptar as medidas necesarias para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou uso non autorizado.

Os socios de CLUB MONTAÑEIROS CELTAS poderán en todo momento exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, comunicándoo ben por correo electrónico (info@celtas.net) ou por escrito ao CLUB MONTAÑEIROS CELTAS. Igualmente poderán exercer eses mesmos dereitos mediante unha comunicación dirixida á Federación correspondente.



Cea 64 Aniversario, 4 de febreiro

Como é tradición nos últimos anos, reunímonos no Restaurante do “Hotel Coia” para celebrar a Cea Aniversario do Club. Ás dez en punto pasamos ás mesas, eramos 91 persoas. Este ano, Sechu (o noso Presidente) e máis eu, compartimos mesa coa concelleira Marisol Polo representando ao Concello de Vigo, con Xosé Lois Freixeiro (Presidente da FGM) que estivo acompañado por Teresa, a súa dona, con Juan Prego (Presidente da FGE) e Ramón Varela (Presidente de Club Peña Trevinca) acompañado por Rogelio.

Na sobremesa, Sechu deu un breve discurso no que anunciou a súa despedida xa que este ano remata o seu mandato de catro anos ao fronte do Club, polo que aproveitou a ocasión para agradecer o traballo e apoio de todos os que teñen colaborado con el, especialmente aos membros da Xunta Directiva. A continuación pasouse á entrega das medallas aos socios que fan 25 anos no noso Club, para o que o Presidente contou coa colaboración de dous Socios Distinguidos: Chito Veiga e Antonio Álvarez, inda que a última medalla entregouna el persoalmente a Raúl Leiros, con quen ten compartido viaxes e actividades de montaña, a maioría federativas. Remata a homenaxe aos socios coa entrega dun agasallo a Fernando Fernández por ser o autor da mellor foto das presentadas polos socios no IV Concurso fotográfico.

A continuación, Sechu comunica que o Club foi nomeado, por terceiro ano consecutivo, o Mellor de Galicia de 2005 de Montañismo e de Espeleoloxía e da mostras da súa satisfacción pola boa marcha do Club, polo recoñecemento das institucións e pola boa relación cos outros Clubs, cedendo o micrófono aos invitados, falan: Marisol Polo, Freixeiro, Juan Prego e Ramón Varela.

Ao finalizar chegou a parte máis entrañable da cea, o Presidente propón un brinde para o que xa hai champan nas mesas, polos homenaxeados, os invitados, os Socios Distinguidos, por todos os socios e, por encima das individualidades, por “**Montañeiros Celtas**, o mellor Club de Galicia”.

Rematado o brinde comezou o baile, que foi amenizado por un dúo musical, e onde Miguel “pai” prestouse a facer bailar a todo o mundo.

F.F.



CULTURA E MEDIO AMBIENTE

MEMORIA das XORNADAS DE LABORATORIO EN BRANCO E NEGRO

Duración: 4 xornadas de 1,5 h por xornada.

Lugares: 2 días na Agrupación Fotográfica Galega e 2 días no Club Montañeiros Celtas.

Participantes: 4 nas 4 xornadas. Ao largo dos meses de novembro, decembro e xaneiro. As xornadas realizáronse os martes de 20 h a 21:30 horas.



Contido:

- Revelado en branco e negro de negativos e paso a papel. Tiras de proba, contactos e copias normais.
- Avaliación de negativos.

Aproveitamento:

Óptimo. Bo ambiente e interese.

Martín García

Memoria da Actividade :

ACHEGAMENTO Á NEVE E ASTRONOMÍA

Datas: 21 e 22 de xaneiro do 2006

Aloxamento: Alberguería “Os Biocos” de Vía Nova, no concello de San Xoán de Río, comarca de Terra de Trives (Ourense)

Participantes: 29 nenos/as e 6 monitores

Actividades realizadas:

SÁBADO 21 :

Saída de Vigo (dende o club) ás 9:00 h. .Parada en A Gudiña de 20 minutos e chegada ao Albergue sobre as 12:45 h. Reparto das habitacións e acomodo da equipaxe .**Xogos de equipo** no exterior ata as 14:00. Comida (por parte dos participantes) e tempo de lecer. Ás 16:00 collemos o autobús para achegarnos a unha vila próxima onde iniciamos a **Marcha pola Fraga**, curto recorrido duns 5 Km. por un bosque de vellos castiñeiros e carballos. Regreso ao Albergue ás 18:30 h, **xogos de mesa** (xadrez, damas, “scramble”...) e realización dunha **actividade na aula de natureza** consistente na observación de liques, follas... recollidos na Fraga mediante lupas e previa explicación da monitora. Cea ás 20:30 h, por conta da organización: caldo, macarróns con atún e iogur. Tras a cea, **actividade de Astronomía** cun monitor especializado; esta actividade iniciouse coa observación no exterior do Albergue do ceo estrelado e a explicación das constelacións, estrelas e planetas observados, contestando o monitor ás dúbidas e preguntas dos participantes; despois nunha sala adaptada como aula de Astronomía proxectouse un programa de Internet sobre os planetas e as súas características que o monitor complementou con explicacións sobre mitoloxía, logo pasóuselles varios planisferios para que por grupos aprendesen a manexalos e atopasen os planetas e constelacións explicados; e finalmente, tamén por grupos subiuse a un pequeno observatorio onde cun telescopio se podían descubrir planetas como **Saturno** e os seus aneis. Ás 23:15 volta ás habitacións para durmir.

DOMINGO 22 :

Erguémonos ás 8:30 h e almorzamos ás 9:00 h por conta da organización: cola-cajo, pan con manteiga e marmelada, galletas e deliciosa bica do lugar. Ás 10:00 saímos cara a Manzaneda (a uns 30 Km.) para **achegarnos á neve**. Alí buscamos unha pista valeira e con suficiente neve para poder baixar en plásticos por ela e xogar ata as 13:30 h. Paramos a tomar unha parva e recibir unha **charla** sobre a vestimenta e o uso dos crampóns e piolet para andar na neve. Tras un rato de lecer con “guerra de bolas” incluída, volvemos ao Albergue no autobús. Sobre as 14:40 h comida no prado exterior do Albergue gozando do bo tempo. Tempo libre para recoller, facer a mochila, xogar...ata as 17:00 que saímos cara a Vigo. Curta parada técnica e chegada ás 20:15 h.

A Sección

Para comunicarse coa Sección:

infantil@celtas.net

NEVE

O 21 de xaneiro, fixemos unha saída a Manzaneda pasando o sábado no albergue os Biocos en San Xoán de Río. O domingo pola mañá fixemos unha saída a Manzaneda onde eu e outros moitos fixemos un leñazo...

Volta atrás: ao chegar a S. Xoán de Río, tivemos un rato libre para instalarnos no refuxio e de facer algúns xogos. Despois comemos no comedor o que cada un traía da súa casa.

Ao acabar de comer, tivemos máis tempo libre. Ratos despois chamáronnos para facer uns xogos para aprender o nome de cada un; que xa coñeciamos os de maioría.

As 6 aproximadamente, emprendemos unha camiñata, que inda que foi quilométrica, para min foi das máis cortiñas. Ao chegar, tivemos un ratiño para descansar (que para algúns non foi moito descanso). Logo, chamáronnos para ver a aula de natureza onde miramos con microscopios anacos de cortiza, liques e os que querían podían mirar a súa pel ou o teixido da súa roupa.

Minutos despois, tñamos que deixar quenda ao seguinte grupo e a nós mandáronnos a sala de xogos onde algúns nenos prepararon a emboscada ás nenas pola noite.

Despois ceamos un caldo galego (que non gustou a moitos), e despois uns macarróns con atún.

Pola noite, fomos ao observatorio onde a xente morría de frío e de son (e algún de outras cousas como pis, fame, dor, etc...). ensináronnos unhas imaxes dos planetas nun xogo de ordenador, e despois foron chamando por grupos ao telescopio, onde se vía Saturno cos seus aneis. Pola noite quedamos sopa e non puidemos facer a emboscada.

Pola mañá, espertáronnos ás oito para ir a neve. Ao chegar collín a primeira bolsa e baixada que encontrei e a vez, o primeiro leñazo contra un neno e despois, xa desviado, contra unha barra de ferro.

Na segunda pista, xa deixaban tirarse e a miña velocidade máxima foi de nonseicanto, o numero de leñazos foi o nonseicanto, e ás veces que me tirei foron nonseicantas.

Despois uns nenos descubriron unha pista dun quilómetro onde alcancei inda máis velocidade ca antes. Momentos despois prestáronme unha zorra raro (con forma de culler) onde me tirei por última vez. E todo porque, ao principio ben, pero vía que alcanzaba moita velocidade asusteime un pouco, pero cando vin que se acababa a pista e polo tanto, a neve, non me deu tempo nin a dicir ¡¡AH!!

Saín despedido e non me quero acordar de máis. Ao chegar, comemos e despois... ¡¡¡EMBOSCADA ÁS NENAS!!!

Eloi Pascual (11 anos)



Debuxo de Martín Fernández (7 anos) realizado por ordenador



MARCHA INFANTIL DE INVERNO.

**Para nenos e nenas de 8 a 13 anos.
É recomendable ter a Licencia de montaña.**

OS ANCARES, 11-12 de marzo. PROGRAMA Sábado, 11.

Saída de Vigo (dende o Club) ás 9.00 horas. Ao chegar ao Albergue en Campa da Braña (Os Ancares) prepararemos as mochilas de ataque coa comida e de seguido iniciaremos a Marcha para pasar o día no monte. Na Marcha, de percorrido circular, temos previsto ir dende Campa da Braña ata o cumio do Tres Bispos (1.792 m), sendo o regreso polo ferno bosque da Vara ata o lugar de partida. Ao chegar será a cea (por conta da organización). Rematada a cea, realizarase o xogo nocturno "As luces de cores".

Domingo, 12.

Despois do almuerzo (por conta da organización). Visitaremos a Aula de Natureza de Ancares e se realizarán actividades e xogos de natureza no exterior ata a hora de comer (por conta dos participantes). Polo serán, tempo de lecer ata o momento de partir cara a Vigo, onde está previsto chegar ás 20.00 h

ESQUÍ

XORNADA DE INICIACION AO ESQUÍ DE MONTAÑA

Outra vez máis quedamos no Club o Domingo 15 de xaneiro ás oito da mañá, e repartímonos en varios vehículos para dirixirnos á Estación de Esquí de Manzaneda, e tamén como outras veces tivemos que dar a volta xa que deixamos atrás algo importante, esta vez só eran as botas de esquí, case nada.

Despois de esperar un pouco a que tiveramos todo o material, iniciamos a actividade, distribuímos o equipo e a primeira lección foi a colocación das peles de foca nos esquis. Ao pouco tempo estivemos todos preparados e iniciamos a subida ao monte, tínhamos sorte xa que estaba todo o monte bastante cuberto de neve, polo que empezamos a foquear xusto ao pé de onde deixamos os vehículos, eramos cerca de dez esquiadores, máis Paco Escrich e Xaime que ao non ter equipo ou prestalo, acompañáronnos todo o tempo andando.

En principio subimos pola estrada que sube ao cumio de Manzaneda, polo que a marcha era fácil xa que non había moito desnivel, pero pasando o refuxio do Club Alpino Manzaneda, iniciamos a subida por fóra das pistas, entre as árbores que tiñan as pólas cheas de neve. Para non encorar as costas de fronte faciamos un zig-zag dun lado a outro das ladeiras, e polo tanto tínhamos que facer xiros chamados "Volta María" para cambiar de dirección, este xiro foi o que practicamos máis, xa que a maioría dos participantes, non estaban habituados a facelo, tamén utilizamos as alzas dos esquis.

Despois dun tempo subindo polo medio do

bosque, decidimos facer unha parada para comer, e posteriormente alí mesmo iniciamos as practicas de utilización do ARVA, agachamos un dos aparatos que emite un sinal, que e localizada rapidamente por outro aparato igual, e mediante a técnica na que intervén a intensidade do sinal, localizamos o aparato enterrado na neve, cravando unhas sondas. O coñecemento do manexo deste aparato é eficaz na busca dalgunha persoa que estea enterrada por un alude, pero é indispensable aprender todo o posible sobre a neve e as avalanchas e sobre todo ser prudentes.

Despois das prácticas seguimos subindo por unha paisaxe xeada, que nos levaría ata o vértice xeodésico, alí tiramos a foto de rigor todos subidos ao cumio, posteriormente sacamos as peles de foca e baixamos esquiando polo medio da estación que estaba bastante chea de esquiadores de pista, chegamos ao punto de partida no vehículo.

A actividade non só se trata de esforzo, polo que chegando a o embalse de Chandrexa de Queixa, nun restaurante démonos unha boa papatoria antes de volver a casa, foi unha xornada na que penso que se conseguiu o obxectivo que se perseguía que era o de animar á practica deste deporte aos socios do Club.

Fernando Fernández





XORNADAS DE ESQUÍ ALPINO

Tamén en xaneiro fixemos a clásica saída anual de esquí alpino á estación de San Isidro, saímos puntualmente as 20:00 h dende o club e á 1:00 da madrugada xa estabamos no albergue da Mina preto da estación, cansos da viaxe fomos rapidamente ás liteiras xa que tiñamos poucas horas para durmir. Erguémonos cedo, o día prometía, boa neve e bo tempo, e despois de alugar o material e repartir os forfaits dirixímonos á zona superior da estación, onde os que xa sabían esquiar marcharon pola súa conta e, cos que se iniciaban neste deporte ou inda estaban aprendendo, se fixeron varios grupos para darlle unhas noicións básicas e

empezar a deslizar sobre a neve xa que os profesores da estación non tiñan un só espazo nas súas clases, e así coa cuña e a viraxe fundamental e algunha que outra caída pasou a xornada, despois boa cea na Mina e cedo unha nova cita con morpheo. O domingo máis do mesmo con bo tempo e boa neve, aínda que algo duras as pistas e moita xente o que fixo que houbera algunha caída máis do habitual, un pouco máis de esquí para os ensinantes. Sen présa pero sen pausa, para chegar a Vigo cedo saímos ao redor das 17:00 h. Nesta ocasión entre o autobús e os coches fomos ao redor de 70 esquiadores e ocupamos na súa totalidade o albergue e hotel da Mina.

ESQUÍ DE MONTAÑA en GALICIA

O 12 de Febreiro tamén fomos uns poucos do club a outra clásica de esquí de montaña. A travesía que nos últimos anos organizaba a FGM xunto con Montañeiros Celtas cando a neve nos deixaba en Pena Trevinca, este ano para variar un pouco fíxose nos Ancares. Partimos de Porto Ancares cara ao Cuña, Penalonga e Mustallar para logo baixar a Piornedo, coa neve moi dura e zonas de xeo o tempo foi perfecto, os descensos curtos pero con boa neve e un bo numero de participantes nunha faceta da montaña onde en Galicia non temos moitos montañeiros que a practiquen, quizais porque as condicións dos nosos montes non son as mellores e o material é caro, pero inda así nos xuntamos montañeiros de

clubs de Vigo, O Barco e León, tamén nos acompañaron membros do GREIM de Galicia e León co seu can de rescate e helicóptero. Dende Pto. Ancares ata Piornedo só nos quitamos os esquí nunha zona de ascenso ao Cuña polo xeo e inda que a neve era máis ben escasa, debido ao frío dos días anteriores, mantívose por riba dos 1500 m, e nas cabanas dos estremeños na baixada a Piornedo a neve remataba. Xa de regreso, cocido para todos os participantes na Campa da Braña, para repoñer forzas.



A temporada de esquí non é moi longa pero **inda queda outra actividade de esquí de montaña o 11-12 de Marzo, nesta ocasión iremos ao Porto de Vegarada na C. Cantábrica.** É unha actividade sinxela axeitada para todos os que saiban esquiar un pouco, no Club temos equipos a disposición dos socios. Tamén ao fin da temporada faremos unha xornada de mantemento e reparación de esquí para deixalos listos para o seguinte ano. E para rematar unha proxección dixital de todas as actividades de esquí. **Animádevos !!!!**

Celebrado o 2º Campionato Social de Escalada

Os pasados días 26 e 27 de xaneiro o local social se encheu, un ano máis, de escaladores co ánimo de participar neste campionato de escalada, que xa cumpre a súa segunda edición.

A diferenza da edición pasada, o número de participantes na categoría de menores de 18 anos aumentou significativamente e tamén a participación de iniciados neste tipo de instalación.

A xornada do xoves 26 que en teoría sería para clasificar aos participantes para a final que puntuaran na serie de “pasos”, pero decidimos pasala ao día 27 e sumar os puntos das dúas xornadas que serían os que nos deran os primeiros e segundos premiados nas diferentes categorías.

A relación de clasificados queda como sigue:

1. Categoría de menores de 18 anos masculino:
 - 1º. Joël Rodríguez Carracedo.
 - 2º. Adrián Vilar Espósito.
2. Categoría de maiores de 18 anos feminino:
 - 1ª. Luisa Méndez.
 - 2ª. Bane Espósito
3. Categoría de maiores de 18 anos masculino:
 - 1º. Alberto Fontenla.
 - 2º. Juanjo Vázquez.

O premio ao participante máis novo levouno Nacho Carrera, de 13 anos.

Esperamos contar con todos/as o próximo ano así como da numerosa asistencia de público.

Agradecer un ano máis o patrocinio de Terra Deporte-Aventura.

Manoel Chao



Castrolaboreio - A Pena de Anaman, 6 de novembro

Isto de ir ao monte está ben; se cadra o peor sexan os madrugóns que nos pegamos. E inevitábel, si, pero esta vez alongárase un pouco a cervexa da noite anterior (un non se vai ir deixando os colegas de farra, iso sería darlles vantaxe non?) e o resultado foi abroncar ao despertador pola mañá.

O certo è que a saída estaba programada para as 7,30 da mañá, o que quere dicir que quen máis ou quen menos deixaría as cousas preparadas a noite anterior. A min dáme mal “rollo” ter que andar a pensar a esas horas da mañá.

Deixádemme que vos conte a sensación que teño cada vez que toca ir ao monte: a de que non vou volver nunca máis. Nin que me fora para Alemaña. Abro o armario e danme gañas de despedirme das roupas, tamén da cama, das cousas do baño... así cada unha das partes da casa polas que transito. Ao coller o petate danme gañas de botar unha ollada dende a porta a modo de despedida, esforzándome por memorizar o instante. Curioso.

A chegada ao bus supón o primeiro encontro coa xente e as primeiras conversas, aínda dificultosas, quizais por estar as neuronas aínda en “pause”. Por elo, paréceme moi práctico o feito de viaxar no autobús: obríganos a situarnos nun punto concreto e centrar a nosa relación co compañeiro de asento ou achegados. Para ir quentando motores.

A viaxe ata Castrolaboreiro non tivo incidencias. Non enchemos o

autobús, iso è certo, pero lonxe de constituír un contratepo tornouse ao longo do día nunha mellor e máis ampla relación entre todos nós o que deu cohesión ao grupo.

O día saía típicamente outonal, isto è, fresco e con brétemas ao alba, cálido e limpo conforme o sol estendía o seu dominio.

Chegados ao punto de partida, directos a cumprir cunha das mellores obrigas: o café quentiño que dá o ton xusto ao corpo, a modo de apócema. Pistoletazo de saída.

Atravesando a vila en busca do sendeiro que nos levara ata a cima da Serra do Gerês, logo de pasar unha ponte xurde, protagonista, un elemento: a auga. Así, as fortes chuvias dos días pasados fixeron que ríos e regatos estiveran neste día abundantes. O canón que agora contemplabamos baixo os nosos pés daba fe diso: a auga baixaba tan furiosa a grande velocidade que, no seu afán, batíase con forza contra as pedras

producindo grandes cercos de escuma como a modo de desangro.

Atopado o sendeiro, transitaba este por un bosque de grande frondosidade habitado, na súa maioría, por árbores de folla caduca que nesta época do ano bicaban delicadamente o chan producindo ese ruído tan característico o pasar por riba delas. As cores ocres e amarelas predominaban na paisaxe.

Conforme avanzabamos a exuberancia e a vexetación ía diminuindo tornándose nunha paisaxe

propia de montaña, máis inhóspita por mor dos fortes ventos que aí predominan, pero non por elo de menor beleza. A suba aínda foi pronunciada e xa na parte final acordamos tirar monte a través sorteando toda clase de xestas e arbustos en busca da Pena de Anamán.

A recompensa è unha gran serra de granito coas máis variadas formas que lle dan un aspecto fantasmagórico, todo elo esculpido pola erosión de millóns de anos. Predominando no seu cumio a Pena de Anamán, un grande penedo situado a 1290 metros sobre o nivel do mar encravado no Parque Nacional Peneda-Gerês. E confeso que a primeira vista non me impresionou, quizais por achegarnos a el pola cara máis accesible, para, logo de prestarlle mellor atención, dar-me conta do cacho penedo que é. E máis se un o compara co tamaño da xente que percorreu seus lombos; formigas no ventre dun elefante.

A cara oposta do penedo si impresiona, pois son máis de 100 metros en caída vertical, propio para escalada.

Principiamos a baixada, que foi un deixarse ir agradábel e entretido. A calidez do sol amosábanos unha natureza mansa, doce. O ánimo da xente axudaba e bromas e retrancas non tardaron en aparecer para non parar ata o remate.

Quentaba aínda o sol cando chegamos. A quilometraxe esta vez non fora moita polo que aínda tiñamos gañas de lería; isto traduciuse na ra

consabida (e sabida) caña para festexar o día. O xusto, xa que nestas datas o sol torna pronto para casa e no horizonte intúese xa a chegada do inverno. Un pensa nun merecido descanso.

Un bico.

Xosé Veiga



POLO “CAMIÑO DO MARROQUÍ”

O nome da ruta levábame ás lendas mouras: tesouros agochados e o lento retorno dos parentes menores de Boabdil, titilantes de sedas, escapando dos ríxidos e veloces cabaleiros cristiáns. Mais a realidade pouco tiña de máxica. Como ben nos ilustrou Conchi, cun documental que vimos na viaxe de ida no autobús, o nome corresponde máis ben ao alcume dun dos enxeñeiros que traballaron na construción nos anos cincuenta da liña de ferrocarril entre Madrid e Galicia, retomando a obra iniciada en tempos da República. No documental aparecen entrevistas aos chamados “carrilanos”, os obreiros que daquela traballaron alí. Faise patente a dureza do traballo e a inquietante presenza da temida silicose, a peste dos mineiros.

O percorrido o fixemos montañeiros-sendeiristas ou viceversa. Saímos da vila de Toro (o de Ourense: non ten Zamora a exclusiva). Como había a posibilidade de atallar polo interior dos túneles, fixemos un deles: a escuras (emocionante), con goteiras (incómodo) e coas vías sospeitosamente limpas, polo que a maioría preferimos seguir na pista a ceo aberto. O día estaba de chuvieira, non ía moito frío aínda que atopamos ó principio algo de neve e xeo. Non podo dicir que pasmoneara moito coa paisaxe, dediqueime bastante á vida social. Decateime de que as montañas eran máis xeométricas (o típico triángulo cun remoto pasado volcánico) que orgánicas (as redondeadas con moitas patas e outros apéndices), bastante verdes (aquí si choveu), con vexetación baixa salpicada polas cristas das desafiantes lousas (as enxoiadas espadas feitas pedra daqueles mouros...), e a tristura de ringleiras de piñeiros queimados ou consumidos pola procesionaria. Aínda que non estabamos lonxe da civilización, a ausencia de aldeas facíate sentir máis na montaña. Buscamos un sitio seco para comer (intercambio e degustación no meu caso) e quedamos nunha estación de tren (moi axeitado para esta ruta).

No camiño de volta: dormir, platicar, ver pasar os moteiros que viñan da concentración de Valladolid... Fomos deixando a Patricia e Miguel en Verín, e a Teresa en Allariz. Parada técnica no habitual B.A.R. e chegada á noite a Vigo.

E con isto..., ¡por fin público! O tamaño non importa. Xa só me queda pendente unha cousa desas que din importantes, espero que con adoptar un gato xa cumpra.

Grazas a Loli M. por pasarme bits de memoria de datos útiles, e a Conchi B. por agasallarnos co seu tempo.

C.F.P.



SERRA DE GREDOS (AVILA)

25, 26, 27 e 28 de marzo
(Ponte da RECONQUISTA de Vigo)

SAÍDA: venres, 24 de marzo ás 23.00 h.

REGRESO: 28 de marzo ás 9.00 h

PREZO BUS: 30 €

ALOXAMENTO:

Refuxio “José A. Elola” (no Circo de Gredos). PREZO Aloxamento: 22 €/día a Media Pensión.

SERRA DA DEMANDA (BURGOS)

13 -14 -15 e 16 de Abril
(SEMANA SANTA)

SAÍDA: mércores, 12 de abril ás 23.00 h

REGRESO: 16 de abril ás 09.00 h.

PREZO BUS: 42 €

ALOXAMENTO: Albergue “Valle del Sol”, Pineda de la Sierra (Burgos)

PREZO Aloxamento/día:

Pensión completa: 18´03 €(maiores) e 13´22 €(nenos)

Media pensión: 13´67 €(m) e 10´52 €(n)

Pernocta+almorzo: 9´47 €(m) e 6´91 €(n)

Pernocta: 8´71 €(m) e 6´16 €(n)

MARROCOS, Semana Santa 2006

Un ano máis a **Federación Galega de Montañismo** organiza o “Campamento Galego de Alta Montaña Alto Atlas Marroquí”. Este será o XII Campamento e terá lugar os días 7 e 16 de abril, con ascensións previstas ao Ras Ouanoukrin, Timesguida e Toubkal. Ademais poderase visitar algunha cidade importante en función do remate da actividade de montaña.

Sen pretender desanimar a ninguén, a FGM lembra aos posibles participantes que por tratarse de montañas de 4.000 metros, requírese un mínimo de práctica con crampóns e piolet, por se as circunstancias obrigan ao seu uso e se pretende chegar ao cumio.

Os interesados poden pre-inscribirse ata o 6 de marzo, e se as parzas destinadas a cada club non foran cubertas, abriríase un novo prazo de inscrición ata o 24 de marzo. O importe total da actividade é de 275 euros, que inclúe: autobús, transbordador, aloxamentos sinalados pola organización e mulas de transporte (ata onde cheguen).

Nadal 2005. Remata o ano, e co bandullo “fartuco” toca facer reconto. O ano pasado, coa celebración do 50º aniversario, andabamos berrando ¡Por outros 50 anos máis! Pois ben, velaí o froito do primeiro gran de area deses 50 anos máis que esperamos cumprir.

Das actividades oficiais do GES celebráronse todas: Xornadas técnicas de vertical, Achegamento á topografía, 10º Campamento social infantil-xuvenil de espeleoloxía, 4ª Xornadas abertas de descenso de canón, 8º Campamento social de descenso de canóns, Campamento social de espeleoloxía a a Actividades xuvenís: Descubre as covas, Baixo terra e a multidisciplinar Bici-espéleo-escalada cos colegas do club destas modalidades.

Organizamos un campaña de exploración no Macizo do Hornijo (Soba, Cantabria), dentro da zona de traballo da Agrupación Espeleolóxica Ramaliega, a pesares dos poucos que eramos. Este ano esperamos vervos pateando o lapiaz.

Tamén hai que destaca-lo Encontro Galaico-Luso en Cobas, con espeleólogos portugueses do Grupo de Protección da Serra do Siçó nos festivos de Semana Santa.

Durante algunhas destas actividades e outras de índole particular, traballamos na recompilación de información das cavidades galegas, topografando a Cova de Valdabreira (158m, -50m), a Sima Tin-Tan (-23m), Sima Tan-Tan (-22m), Sumio Chan do Lindeiro (210m, -34m), Pozo das Choias (-55m) e a Cova do Purruñal (277m, -34m), xunto co Canón do Cerves Inferior (550m, -115m). Ademais, finalizouse a topografía da cova de Longo de Meu (191m), Cova de Eirós (312m, -5m) e Cova de Cortiñas (sen representar aínda, ≈700 m).

Mentres tanto, membros do GES participan nas campañas de Exploración de Sima GESM 2005, de Fuente Fría 2005 e Tortorios-Moñas-Castil 2005.

Só pensar na idea de repetir un ano como este danos repelús... así que bota unha man, que a vellez faise sentir. Para o seguinte ano temos moitos proxectos, abertos as túas ideas e suxestións e, ponte as pilas, que o 2006 se adentra nas nosas vidas.

7 de xaneiro: ASEMBLEA ANUAL E ESPELEOCEA

Un ano máis as mesas do Club convértense nunha soa mesa longa, para celebrar primeiro a reunión anual e despois substituír os papeis por viandas salgadas e doces e auga, viño e refrescos.

A Asemblea comezouse lendo a acta do ano anterior, para logo facer un resumo das actividades celebradas, que un ano máis fan que sexamos o Club con máis puntos en Galicia, é dicir, o Mellor Club Galego da tempada 2005. En canto ás actividades programadas para este ano, o punto seguinte a tratar, acordouse adapta-las actividades programadas o máximo posible ás actividades conmemorativas do 25 aniversario da FGE e tamén participar activamente a modo individual e como Club no Congreso Galego de Espeleoloxía, previsto para outubro. A celebrar en O Barco de Valdeorras.

En canto ó material, mercarase o necesario para ir cubrindo as baixas e completando equipos tanto de iluminación como de vertical, o mesmo que na biblioteca procurárase mercar algunha publicación recente e de zonas non coñecidas.

Rematou a reunión cun chamamento a máis colaboración para levar a Sección á que se incorpora Guillermo como axudante de Secretaría, Iago como axudante de material e Óscar Quiñones como axudante de biblioteca.

Acabou a Asemblea e pasamos á cea, saíndo do Club a horas tardías a maioría. Algúns marcharon antes porque a ruta nocturna os chamaba.

14 e 15 de xaneiro: TÉCNICA DE PROGRESIÓN VERTICAL. Mondoñedo

Como sempre, comezámo-las actividades cada ano coa visita a Mondoñedo, realizando prácticas de ascenso e descenso por corda. O sábado pola mañá alá fomos, cativos, e maiores: Antón, Estela, André, David, Alberto, Camilo, Chus, Óscar Q., Carol, Ana, Pedro, Daniel (que viu dende Oviedo), Lourdes, Eugenia e Emilio. Tamén veu Ángeles, que quedou cos amigos de Supena.

Sábado pola tarde: instala, sube, baixa, sube con fraccionamento, baixa con fraccionamento, ascende con nó, descende con nó, descende con puño e croll, descansa, bebe, un sudoku para os maiores, volta empezar, un sudoku electrónico para quen queira, bebe, descansa, sube, baixa,... ata a hora da cea.

Domingo: prácticas, descansos, bebida,... ata a hora de xantar. Daniel e Emilio foron co G.P.S. localizar as bocas das covas de Santos, Lobos, Senar e Cintolo, onde nos reunimos para face-la foto de grupo, ensinar aos máis cativos e contar lembranzas ós maiores.

Despois de xantar, visita ós amigos de Supena (invitados a café con algo), recollemos a Ángeles e volta a casa.

A Sección



Espeleonovas

4 - 5 de marzo: Achegamento á topografía de cavidades.

12 de marzo: Santa Marta - Liméns (Cangas do Morrazo). Organiza a Sección de subacuáticas e a de espeleoloxía, animate a vir, a **Furna de Santa Marta** sempre é agradecida, a auga para os que van mergullar estará un pouco fría pero xa temos encargado solciño de primavera.

10 - 11 de marzo: Xornadas Técnicas de instalación de cavidades. Organiza a EGE - FGE na zona escola do Canón do Sil, en Nogueira de Ramuín (Ourense).

25 - 28 de marzo. Serra de Hornijo, Ramales (Cantabria).

10 - 16 de abril (Semana Santa). Cabo de Gata (Almería). Covas, descenso de canóns e mergullo.

Inmersión Ría de Vigo, 14 de xaneiro

Venres 13. Todo o ceo estaba cuberto e chovía de tal maneira que ao seu lado o Diluvio Universal parecería un día de sol e moscas. Sen embargo o sábado amenceu despexado e, continuando co previsto, catro “Montañeiros” saímos do Porto do Liceo de Bouzas e dirixímonos á zona de Cabo de Mar, fronte ao Museo do Mar, en Alcabre.

Normalmente a zona ofrece unha fácil e bonita inmersión, sen embargo ese día atopamos moitísima corrente e moi pouca visibilidade, o que fixo que nos perderamos en varias ocasións. Sen embargo, a actividade en conxunto mereceu a pena, pois experimentamos cunhas condicións adversas. Só vimos unha pequena araña de mar, unha centola, un espirógrafo, os bivalvos de costume e pouco máis. Acadamos unha profundidade de 17 m. e a inmersión durou 39 minutos. Unha vez no barco mudámonos e tomamos algo. Estivemos de volta no porto ás 13.30 horas.



Novas

Os interesados en facer o curso de mergullador unha estrela deben anotarse no club antes do 20 de abril. Este curso capacita ás persoas a mergullar ata os 25 metros e está dirixido a persoas que desexan iniciarse no mergullo con botella. O curso non supera os 180 €, depende dos anos do cursillista e do número de licencias que posúa, o club subvenciona ata un 40%. Antes de realizar o curso farase unha reunión informativa para os interesados.

A teoría impartirase no local social durante catro días a partir das 20.30 horas, a non ser que o grupo acorde o contrario para o que se decidirá outro horario.

En principio as prácticas de piscina impartiranse a fin de semana do 6-7 de maio e as prácticas de mar faranse na fin de semana do 13-14, tamén de maio.

Non esquezades que para poder realizar o curso fai falta estar federado polo que os interesados deben tramitar a licenza canto antes.

Recordarvos tamén que, todos aqueles que esteades interesados en facer o descenso do río Tea previsto para o domingo 28 de maio, debedes estar federados.

Finalmente dicir que a actividade prevista para o día 11 de febreiro nas Illas Estelas, por motivos alleos a nós, non se puido realizar. Farase o día 4 de marzo.

Para comunicarse coa Sección: mergullo@celtas.net

A Sección

BIBLIOTECA

Un ano máis, a Biblioteca 2005 aumentou o seu volume coa adquisición e doazón de novos libros, mapas e, por primeira vez, DVDs, que fan que teñamos case mil rexistros de libros, algo máis de trescentos mapas e nove DVDs. Ademais seguimos subscritos a revistas como Desnivel, Grandes Espacios, Campo Base, Subterránea, Caminar, etc.

A base de datos con todos os libros, mapas e DVDs pronto a teredes á vosa disposición na páxina web do club, polo que poderedes consultar a biblioteca dende a vosa casa.

Queremos que a Biblioteca teña un bo surtido de libros para calquera tipo de actividade do noso Club, polo que se tedes interese en que se merque algún en concreto, non tedes máis que comunicalo no Club para cando se faga o pedido do presente ano 2006.

Así mesmo, queremos invitarvos a que fagades uso da Biblioteca e se tedes algunha suxestión nola fagades chegar.

LIBROS MERCADOS 2005

- ESQUIAR CON LOS PIÉS. Carlos Guerrero. (Ed. Desnivel)
- ESQUÍ DE MONTAÑA EN SIERRA NEVADA. Lorenzo Arribas (Ed. Desnivel)
- ESQUÍ DE MONTAÑA EN EL PIRINEO ARAGONÉS. Manuel López Sarrión (Ed. Desnivel)
- ALPINISMO Y DESAFÍO EN ALTA MONTAÑA. Ed Desnivel
- CERTIFICADO DE INICIACIÓN AL MONTAÑISMO
- PLANIFICACIÓN DEL ENTRENAMIENTO EN ESCALADA DEPORTIVA. 2ª ED.(Ed. Desnivel)
- CORDILLERA CANTÁBRICA. Escaladas selectas en roca. De los Picos de Europa a la Babia
- FRIO Y MONTAÑA (Ed Desnivel)
- MAMPODRE. 40 RUTAS DE MONTAÑA
- 50 RUTAS POR LAS MONTAÑAS DE CANTABRIA
- FOTOGRAFÍA SUBMARINA. Michel Pekiela
- SOTA LA SAL DE CARDONA
- CAMPAÑA FUENTE FRÍA 2005
- SIERRAS DE PIEDRA Y AGUA. Parque de la Sierra y Cañones de Guara
- 100 PREGUNTAS Y RESPUESTAS. ORIENTACIÓN
- PRÁCTICAS, JUEGOS Y TÉCNICAS DE ORIENTACIÓN
- FOTOGRAFÍA DIGITAL DE LA NATURALEZA (Ed Desnivel)
- MANUAL BÁSICO DE FOTOGRAFIA AL AIRE LIBRE (Ed Desnivel)
- HUMOR MONTAÑERO
- ROMPE LÍMITES
- POR LA PROVINCIA DE LEÓN EN BICICLETA DE MONTAÑA
- RUTAS EN BICI DE MONTAÑA
- MAPA GEOLÓGICO hoja nº 191. SILVÁN (OURENSE-LEÓN)

Carolina.
Vocal Biblioteca e Cartografía



DOAZÓNS 2005

TOCANDO EL VACÍO. (Touching the void) DVD
AS CORES DO MAR DE GALICIA. Baixo as ondas das rías. Caixanova DVD
SISTEMA CÁRSICO DO FRADE. O FANTÁSTICO MUNDO OCULTO DOS MINERAIS
PATRIMÓNIO NATURAL DO CONCELHO DE SESIMBRA. Anexo de Imagens (CD)
INVESTIGACIONES EN SISTEMAS KÁRSTICOS ESPAÑOLES
ANUARIO 2003 FEE
FIJACIONES Y SISTEMAS DE ANCLAJES (espeleo)
CAMIÑOS DO COUREL. Rutas rurales

DVDs MERCADOS 2005

LA DANZA DEL AGUA. Al Filo de lo Imposible
ESPELEOBUCEO. Los Cenotes Mexicanos y La Fuentona de Muriel. Al Filo de lo Imp.
EL SUEÑO DE JUAN LADRILLERO. El hielo patagónico sur. Al Filo de lo Imposible
TRAVESÍA POR TAKLAMAKÁN. El desierto de la muerte. Al Filo de lo Imposible
EL MISTERIO DE LAS GARGANTAS DE YARLUNG TSANGPO. Al Filo de lo Imposible
LA VIDA EN LOS OCÉANOS. VIAJE A LAS PROFUNDADES. Planeta Azul BBC
SCAPA FLOW. Viaje a las sombras. Al Filo de lo Imposible

Edita: Club Montañeiros Celtas.

Dirección, deseño e maquetación: José López Pérez "Sechu".

Normalización lingüística: Enrique González Cameselle.

Colaboran neste número: José Luis Vázquez, Françoise Fauré, Martín García Pérez, Eloi Pascual, Martín Fernández, Carmen Fernández, Fernando Fernández, Marcos Rodríguez, Xosé Veiga, Manoel Chao, Conchi Barciela, Alberto Fontenla, Guillermo de Oca, Lourdes Castiñeira, Emilio e Daniel Ballesteros.

Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.

Imprime: Garpe. Depósito Legal: VG:40-1998. Impreso en papel reciclado

Subvencionado pola Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

VINDEIRAS ACTIVIDADES

MES	DÍAS	LUGAR	ACTIVIDADE	ORGANIZA
M A R Z O	4	Illas Estelas	Inmersión Submarina	S.D. Actividades Subacuáticas
	4-5	Liñares	Achegamento á topografía de Cavidades	S.D. Espeleoloxía
	4-5	Torrebarrio (León)	Curso: Aproximación á montaña invernal. Pena Ubiña	FGM - EGAM
	5	A Lama	Sendeiro tranquilo. Sendeiro da Freixa	S.D. Sendeirismo
	5	Praia de Barra	Pedaleo polo Morrazo	S.D. Bici de Montaña
	10	Local Social	Asemblea Xeral Ordinaria	Xunta Directiva C.M. Celtas
	11-12	Campa da Braña	Marcha Infantil de Inverno. Serra de Ancares	S. Infantil
	11-12	Pto. Vegarada (León)	Esquí de Montaña "Cordillera Cantábrica"	S.D. Esquí
	11-12	Nogueira de Ramuín	Xornadas Instalación Cavidades. Zona escola Canón Sil	FGE - EGE
	12	A Guarda	Os Castros	S. Cultura e Medio Ambiente
	17	Local Social	Charla: "Identificación da Flora Galega"	S. Cultura e Medio Ambiente
	18-19	Degrada	Xuvenil. Travesía invernal de Alta Montaña. Ancares	S. Xuventude
	18-19	Laza	Camiño de Santiago. Via da Prata. Etapa IV	S.D. Sendeirismo
	18-19	Torrebarrio (León)	Escalada de Alta Montaña: Pena Ubiña	S.D. Escalada
	18-19	Torrebarrio (León)	Curso Alpinismo - Corredores. Pena Ubiña	FGM - EGAM
	19	Ría de Vigo	Furna de Sta. Marta: Descenso e inmersión submarina	S.D. Act. Sub. - S.D. Espeleoloxía
25-26-27-28	Ramales (Cantabria)	Serra do Hornijo	S.D. Espeleoloxía	
25-26-27-28	Hoyos del Espino (Ávila)	Circo de Gredos e Laguna Grande	S.D. Montañismo	
A B R I L	1-2	Terras de Esgos	XLI Campamento e Marcha Galega de Montaña. San Pedro de Rochas	FGM - C. Ribeira Sacra
	2	Baiona	Campionato Social de Pesca Submarina	S.D. Actividades Subacuáticas
	7-16	S. Santa Marcos	Saída Internacional. Alto Atlas	FGM
	8-9	Sil	Xornadas de Escalada	S.D. Escalada
	9	Coura (Portugal)	Sendeiro tranquilo. Paredes de Coura	S.D. Sendeirismo
	9	Río Miño	Familiar. Na Busca do Tesouro IV	S.D. Montañismo
	10-16	S. Santa Cabo de Gata (Almería)	Mergullo, covas e descenso de canóns en Andalucía	S.D. Act.Sub. - S.D. Espeleoloxía
	13-16	S. Santa Pineda Sierra (Logroño)	Serra da Demanda	S.D. Montañismo
	22	Budiño	Xuvenil. Xornada de Iniciación á Escalada	S. Xuventude
	22-23		Camiño de Santiago. Via da Prata. Etapa V	S.D. Sendeirismo
	22-23		Curso Iniciación ás técnicas básicas de Montañismo (1º fin semana)	FGM - EGAM
	22-23		Práctica de Socorro	FGE - GEG
	23	Galiñeiro	Actividade Infantil de Iniciación á Escalada	S. Infantil
	29-30		Curso Iniciación ás técnicas básicas de Montañismo (2º fin semana)	FGM - EGAM
	29-30-1	Quiroga	X Campamento Galego Infantil-Xuvenil espeleoloxía	FGE -
29-30-1	(León)	Mampodre	S.D. Montañismo	

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

w Avda. Camelias 78, Oficina K. 36211 - Vigo

w Apartado de Correos 1836. 36200 - Vigo

w Teléfono: 986 438 505 - Fax: 986 912 220

w Internet: www.celtas.net

w Correo electrónico: info@celtas.net

w Horario: 19.00 h - 21.30 h, de martes a venres